



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE XULLO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/819/2014.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DIEGO DE MUROS 10-12.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo e outorgar a licenza para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Diego de Muros núm. 10 – 12.

LIC/1705/2014.- ANTONIO FERNÁNDEZ SANDE.- Aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza de legalización e reforma interior de vivenda no lugar de Verdía nº 19.

LIC/1152/2014.- DIEGO MARTINEZ SÁNCHEZ.- Aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Xubrís.

LIC/423/2015.- ENRIQUE FREIRE GONZÁLEZ.- Conceder a licenza para cambio de uso e acondicionamento de local comercial para uso de vivenda na rúa das Cancelas 94 – Baixo.

LIC/867/2014.- MANUEL MONTAOS VIEITES.- Conceder a licenza para a execución da regularización da cuberta nunha vivenda existente sita no lugar de Quintáns de Verdía, 7.

LIC/13/2015.- FRANCISCO CARBALLIDO MARTINEZ.- Conceder a licenza para executar as obras de construción dunha edificación auxiliar en lugar de Pereiras de San Caetano (as), 27.

LIC/109/2015.- JOSE DANIEL PEREIRO LÓPEZ.- Conceder a licenza para executar as obras dunha edificación auxiliar na rúa Senande (de), 61.

LIC/286/2015.- ISMAEL GENDRA CAROLLO.- Conceder a licenza para executar as obras de demolición de estrutura existente sita no lugar de Formarís, 1.

LIC/231/2015.- OSCAR GARCÍA CASTRO.- Aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión de terreo dende a aliñación oficial, conceder a licenza de legalización dunha construción auxiliar e autorizar a execución dun peche de parcela no lugar Sionlla (A), 8.

LIC/1567/2013.- MARIA DEL CARMEN ARNEJO GARCIA.- Conceder a licenza para executar as obras de ampliación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Torreira (da), 1.

LIC/788/2015.- ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL.- Conceder a licenza para executar as obras de adecuación e reforma do Centro Residencial Juan Vidán Torres sito na rúa Xunlla (da), 2.

LIC/260/2015.- MERCEDES SUAREZ GUERRA.- Conceder a licenza para executar as obras para reconstrución dunha edificación auxiliar para produción de aves de corral e obras de enfoscado e pintado do cerramento na rúa Torre de Marantes, 4.

LIC/1215/2014.- JOSÉ MANUEL CAMINO MIGUEZ.- Conceder a licenza para executar as obras para substitución de galería exterior na rúa Xelmírez nº 10 – 3º.

LIC/318/2015.- SANTIAGO POMBO MIGUEZ.- Conceder a licenza para executar as obras de reconstrución da edificación e legalización das obras executadas no galpón agrícola sito no Lg de Son de Arriba, 4.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1058/2015.- CONSTRUCCIONES VAL DO DUBRA, S. L.- Acceder á devolución do aval depositado por importe de 8.000 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/753/2005 relativa á construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Coto da Nai (do) 45 A.

LIC/901/2015.- VILLAJERE, S.L.- Acceder á devolución do aval depositado por importe de 3.000 € para responder dos posibles danos en bens e servizos públicos por mor da execución da obra autorizada no expediente LIC/749/2005 relativas ás obras de construción dun edificio de tres plantas de soto, planta baixa e tres plantas de piso para baixos comerciais e vivendas na rúa Santa Marta de Arriba, 24.

LIC/903/2015.- VILLAJERE, S. L.- Acceder á devolución do aval depositado por importe de 10.998,54 € para garantir a execución das obras accesorias de urbanización da obra autorizada no expediente LIC/749/2005 relativas á obra de construción dun edificio de tres

plantas de soto, planta baixa e tres plantas de piso para baixos comerciais e vivendas na rúa Santa Marta de Arriba, 24.

LIC/1090/2015.- REY BARREIRO, S. L.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 2.000 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1041/2011 relativas ás obras de ampliación de edificación existente en Avda. Rosalía de Castro, 68.

LIC/1188/2014.- ALEJANDRO REY CAPEÁNS.- Rectificar de oficio o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 22 de maio de 2015, no sentido de aclarar e para facer constar que onde di "Ferroarcos Promociones Santiago SLU" debe decir "don Alejandro Rey Capeáns" ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

LIC/2053/2014.- VICTOR RIOS NOYA.- Rectificar de oficio o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 22 de maio de 2015, no sentido de aclarar e para facer constar que onde di "... por importe de 1.076,70 euros, número de operación 320090005797, e por importe de 1.500,00 euros, nº de operación 320090005796, de data 02/11/2009..." debe decir "... por importe de 1.500,00 euros nº de operación 320090005796 de data 02.11.2009...", ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

2.- Proposta da alcaldía relativa á creación de ficheiro con datos de carácter persoal do programa APEGO.

Acórdase a creación do ficheiro APEGO coa seguinte descrición: destinatarios do programa APEGO, que procura incrementar a porcentaxe de nenos e nenas que teñen o galego como lingua inicial e un aumento do seu uso entre os cero e os seis anos. Así mesmo, acórdase iniciar a correspondente tramitación para a súa incorporación ao Rexistro Xeral de protección de datos, xestionado pola Axencia Española de Protección de Datos.

3.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión contable e orzamentaria SICALWIN (da empresa AYTOS SOLUCIONES) do Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase o contrato de mantemento da aplicación informática de xestión contable e orzamentaria SICALWIN á empresa AYTOS SOLUCIONES inFORMÁTICAS SLU por importe de 9.136,93 euros/ ano máis IVE e un prazo de dous anos ao ser a única empresa que pode prestar este servizo de mantemento, xa que desenvolve o software e conta cun modo de licenciamiento propietario.

4.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de persoal e recursos humanos ÉPSILON (do GRUPO CASTILLA) do Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase o contrato de mantemento da aplicación informática de xestión de persoal e recursos humanos ÉPSILON á empresa CARLOS CASTILLA INGENIEROS SA por importe de 8.779,34 euros/ ano máis IVE e un prazo de dous anos ao ser a única empresa que pode prestar este servizo de mantemento, xa que desenvolve o software e conta cun modo de licenciamiento propietario.

5.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do Servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadadora, padrón de habitantes e convocatorias electorais do Concello de Santiago.

Adxudícase o contrato de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadadora, padrón de habitantes e convocatorias electorais á empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA SAU por importe de 29.616,53 euros/ ano máis IVE e un prazo de dous anos ao ser a única empresa que pode prestar este servizo de mantemento, xa que desenvolve o software e conta cun modo de licenciamiento propietario.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo e outorgar a licenza para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Diego de Muros, 10-12. (LIC/819/2014).

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder licenza de legalización e reforma interior de vivenda no lugar de Verdía, 19. (LIC/1705/2014).

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Xubris. (LIC/1152/2014).

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para cambio de uso e acondicionamento de local comercial para uso de vivenda na rúa das Cancelas, 94-baixo. (LIC/423/2015).

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a execución da regularización da cuberta nunha vivenda existente no lugar de Quintáns de Verdía, 7. (LIC/867/2014).

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de construción dunha edificación auxiliar no lugar de Pereiras de San Caetano, 27. (LIC/13/2015).

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras dunha edificación auxiliar na rúa Senande, 61. (LIC/109/2015).

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de demolición de estrutura existente no lugar de Formarís, 1. (LIC/286/2015).

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión de terreo dende a aliñación oficial, conceder a licenza de legalización dunha construción auxiliar e autorizar a execución dun peche de parcela no lugar de A Sionlla, 8. (LIC/231/2015).

15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de ampliación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa da Torreira, 1. (LIC/1567/2013).

16.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de adecuación e reforma do Centro Residencial Juan Vidán Torres, sito na rúa da Xunlla, 2. (LIC/788/2015).

17.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras para reconstrución dunha edificación auxiliar para produción de aves de corral e obras de enfoscado e pintado do cerramento na rúa Torre de Marantes, 4. (LIC/260/2015).

18.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras para substitución de galería exterior na rúa Xelmírez, 10-3º. (LIC/1215/2014).

19.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de reconstrución da edificación e legalización das obras executadas no galpón agrícola sito no lugar de Son de Arriba, 4. (LIC/318/2015).

Concédense as devanditas licenzas.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á diversas devolucións de fianzas.

Acórdase a devolución de 6 fianzas.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao expediente "Campo da festa e pista polideportiva en Angrois" (XOB/11/2014-CON/56/2014: Resolución sobre suspensión temporal das obras).

Acórdase a suspensión temporal total das obras por cautela arqueolóxica, con data efectiva a partir do 29 de maio.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao expediente "Acondicionamento dunha zona de descanso de peregrinos, parque público e parque infantil en Angrois". (XOB/10/2014-CON/57/2014: Resolución sobre suspensión temporal das obras).

Acórdase a suspensión temporal total das obras por cautela arqueolóxica, con data efectiva a partir do 22 de maio.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao expediente "USN-42-100. Restauración do río Sarela entre Romaño e Galeras. Fase II. (Obras de limpeza, recuperación e posta en funcionamento do sistema hídrico para a consolidación do conxunto edificatorio da antiga curtidoría de Pontepedriña de Arriba). (XOB/39/2014-AD22015004552: Resolución sobre suspensión temporal das obras).

Acórdase a suspensión temporal total das obras por cautela arqueolóxica, con data efectiva a partir do 17 de xuño.

24.- Propostas da alcaldía relativas á recepción de obras.

Autorízase o inicio dos trámites para proceder á recepción das obras de reurbanización da rúa Caramoniña e das obras do complementario da urbanización do polígono A do SUNP-6 de San Lázaro.

25.- Proposta da concelleira delegada de Acción cultural relativa á prórroga do contrato de aluguer de local para uso como Centro Sociocultural na zona da Almendra Histórica.

Prorrógase o contrato de aluguer do local sito na rúa Santa Cristina, nº22 baixo, para uso sociocultural do casco histórico polo prazo de cinco meses e medio (ata o 31 de decembro de 2015) por importe de 953,82 euros/mes.

26.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao cese do director-xerente do Organismo Autónomo AUDITORIO DE GALICIA.

Apróbase o cese do director-xerente do Auditorio de Galicia.

27.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao proxecto piloto de camiños escolares seguros para o colexio PIO XII.

Apróbase a realización do devandito proxecto.

28.- Proposta da concelleira delegada de Deportes para dar conta da sinatura do convenio nominativo entre o Concello de Santiago e o Club Deportivo Fontiñas.

Dáse conta do convenio para o desenvolvemento da Copa Galega de escalada en bloque cunha achega municipal de 5.000 euros.

29.- Proposta da concelleira delegada de Deportes para dar conta da sinatura do convenio nominativo entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Baloncesto.

Dáse conta do convenio para o desenvolvemento do II Jamboree de Mlnibásquet cunha achega municipal de 10.000 euros.

30 a 62.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre bens inmobles.

Apróbanse 32 expedientes relativos a beneficios fiscais.

63.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de bonificación na Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal a FRESCO FILM SERVICES SL.

Concédese a devandita bonificación (do 50%) pola realización dunha rodaxe cinematográfica.

64.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á exencións na taxa polo saneamento e depuración de augas residuais e taxa pola subministración de auga e conservación de contadores e pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédese 40 exencións.

65.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á dación de contas da asignación do anticipo de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.

Dáse conta á Xunta de Goberno local da asignación por parte da Xunta de Galicia dun anticipo para o financiamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2015 pola contía de 109.936,09 euros, que se corresponden co 50% da cantidade total financiada no 2014.

URXENCIAS

1. Autorízase a solicitude dunha subvención para desenvolver un proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas no eido local do Concello á Consellería de Sanidade. O programa conta cun orzamento de 204.000 euros e a contía solicitada é do 90%.
2. Apróbase o texto do convenio entre a Consellería de Educación e o Concello para a xestión do servizo de comedor escolar nos cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017. A achega autonómica será de 106.000 euros (16.500 en 2015; 53.400 en 2016; e 36.900 en 2017).